

## **Directrices para a elaboración dos regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC (aprobadas polo Consello de Goberno con data de 22 de xullo de 2011)**

### **Exposición de motivos**

O Real decreto 1393/2007<sup>1</sup> establece no artigo 12.3, situado no capítulo 3, que se dedica ás ensinanzas oficiais de grao, que «estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao».

No artigo 12.7 engádese que «o traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título», sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade.

Para estes efectos, as *Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao na UDC*<sup>2</sup> especifican o seguinte sobre a fase final dos estudos na alínea 9 do artigo 3.2, que trata a organización das ensinanzas de grao:

«Traballo de fin de grao: os plans de estudos de grao deberán incluír entre 6 e 30 créditos destinados a realizar un traballo de fin de grao na fase final do plan de estudos, unha vez superados, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade. En cada plan de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.»

O *Estatuto do estudante universitario*<sup>3</sup> establece no artigo 27: «Os proxectos de fin de carreira, traballos de fin de grao e mestrado, así como as teses de doutoramento, rexeranse pola súa normativa específica». Así mesmo, nas epígrafes g) e h) do artigo 8 sinalanse os dereitos específicos dos estudantes de grao en relación co traballo de fin de grao; e no artigo 30 o dereito á revisión das cualificacións.

Coa finalidade de unificar os criterios e procedementos para garantir unha actuación homoxénea á hora de planificar e avaliar os traballos de fin de grao (*en diante TFG*) nos títulos da UDC, resulta conveniente establecer as seguintes directrices de carácter xeral. Os centros deberán ter en conta á hora de elaboraren o regulamento que será de aplicación para os TFG dos graos que neles se impartiren, sen prexuízo das posibles particularidades de cada titulación, que necesariamente deberán ser atendidas de forma expresa neste regulamento.

Os regulamentos polos que se rexerán os traballos de fin de grao, unha vez elaborados e aprobados polas respectivas xuntas de centro, deberán remitirse á Comisión de Plans de Estudo, delegada do Consello de Goberno. Esta comisión revisará que se axusten ás directrices establecidas neste documento e ás normas xerais da universidade da Coruña que lles foren de aplicación. A Comisión caso de non emitir informe favorable elaborará un informe para que o centro emende ou modifique deficiencias e establecerá un prazo para que o centro envíe unha nova proposta e, se é o caso, alegacións ao informe. O regulamento dos TFG de

<sup>1</sup> Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais (BOE n.º 260, de 30 de outubro de 2007). Modificado polo Real decreto 861/2010, de 2 de xullo (BOE n.º 161, de 3 de xullo de 2010).

<sup>2</sup> Directrices para a elaboración de títulos de grao na UDC, aprobadas polo Consello de Goberno na súa sesión de 3 de abril de 2008.

<sup>3</sup> Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario (BOE n.º 318, de 31 de decembro de 2010).

cada centro será publicado na web do centro e entrará en vigor unha vez se conte co informe favorable da devandita comisión.

### **Directrices que deben seguir os regulamentos elaborados polos centros**

#### *a) En relación co obxecto e o ámbito de aplicación*

- Este documento ten por obxecto establecer unhas directrices xerais para os regulamentos do TFG nos títulos de grao da Universidade da Coruña. Neles establecerase o modo de realizar, defender, cualificar e tramitar administrativamente os TFG.

#### *b) En relación coa natureza e as características dos TFG*

- A xunta de centro determinará que órgano ou comisión do centro é competente na xestión do TFG ou, no seu caso, establecerá un órgano ou unha comisión que asuma estas competencias. A súa función principal será a de xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación do regulamento correspondente.

- Deberase ter en conta o aprobado na memoria do grao no tocante ao TFG. No caso de o título habilitar para o exercicio de actividades profesionais reguladas, o TFG rexerese ademais polo disposto na orde en que se sinalaren os requisitos para a verificación do correspondente título. No caso dos títulos interuniversitarios respectarase o establecido no convenio entre as universidades. No caso dos programas de simultaneidade de estudos de grao incluíranse os acordos da normativa que os regular.

- Deberá quedar de manifesto que o tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, terá que posibilitar que o/a estudante o realice no número de horas equivalentes aos créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos, e coa duración que alí se establecer.

O centro velará mediante os procedementos de coordinación e control que determine por que isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e graduación a que fai referencia a memoria do grao.

– Indicarase cales son as condicións académicas en cada grao para que o TFG poida ser defendido e avaliado, tendo en conta que como mínimo debe terse constancia fidedigna de que o estudantado superou cando menos un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos.

– O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, incluírase que a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar, tal como queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de Decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, sen prexuízo de se poderen compartir estes dereitos de así o acordaren o/a autor/a e outros implicados na elaboración do TFG.

#### *c) En relación coa dirección do TFG*

– Deberá constar quen pode dirixir un TFG, tendo en conta que debe pertencer ao profesorado da UDC (ou ser profesorado propio no caso dos centros adscritos). No caso da codirección dun TFG poderá incluírse persoal alleo a esta universidade, mais cumprirá indicar baixo que condicións isto é posible.

– Estableceranse as funcións do/a director/a do TFG.

#### *d) Sobre oferta do TFG e a asignación de temas e direccións*

– Incluírase o procedemento que o centro establece para poder ofertar o TFG (a través dos departamentos, do profesorado do centro, dunha comisión específica...), de tal forma que se

garanta que todo o alumnado matriculado no TFG poida realizalo no período correspondente ao que lle dá dereito a súa matrícula.

– Establecerase o procedemento para lle asignar temas e directores ao alumnado implicado coa antelación suficiente para que o TFG poida realizarse e defenderse no período previsto. A este respecto, debe garantirse a igualdade de oportunidades.

e) *En relación coa avaliación*

– Incluirase o modo de avaliación do TFG, de que se ocuparán tribunais constituídos por profesorado da UDC (ou profesorado propio no caso dos centros adscritos). Cumprirá indicar a composición destes tribunais e as funcións que se lles asignaren.

– Incluiranse as instrucións que o alumnado debe seguir para presentar e entregar o TFG.

– A cualificación dos TFG seguirá o establecido no Real decreto 1125/2003<sup>4</sup>. O calendario de avaliación dos TFG, o peche e entrega de actas e as reclamacións ateranse ao calendario, ás instrucións e ás normativas existentes da UDC para estes supostos.

f) *En relación coa consulta e a publicación dos TFG*

– Incluirase o procedemento de selección e envío ao Servizo de Biblioteca dos TFG que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC), salvo solicitude expresa en sentido contrario do(s) autor(es).

**Prazos.** Os centros deberán ter aprobado e publicado o regulamento dos TFG, con axuste a estas directrices, antes de finalizar o ano natural en que comezar a implantación do terceiro curso da titulación do grao. No caso de que o centro non presentase un regulamento nesta data seralle de aplicación o *Modelo de regulamento dos TFG nos títulos de grao da Universidade da Coruña*, aprobado polo Consello de Goberno con data de 22 de xullo de 2011, unha vez que se inclúan no modelo os datos particulares dos graos do centro.

Os centros que xa implantaron todos os cursos de grao deberán ter aprobados os seus regulamentos, nas condicións do parágrafo anterior, antes do 31 de decembro de 2011.

### **Disposición adicional primeira**

Co obxecto de homoxeneizar e completar adecuadamente o desenvolvemento destas directrices e a súa aplicación en todos os centros, facúltase o/a vicerreitor/a con competencias en materia de ordenación académica para ditar as resolucións pertinentes.

### **Disposición adicional segunda**

As regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor poderán aplicarse de forma subsidiaria, no que proceder, ao desenvolvemento destas directrices.

---

<sup>4</sup> Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE n.º 224, de 18 de setembro de 2003).